


EXPOSICIÓN
15 DECEMBRO 2016 / 29 XANEIRO 2017

Raquel Barbosa . Teresa Búa . Miriam Cartagena . Inés Charre .
Iria Fernández . Claudia González . Sofía Granja . Paloma Malvar .
Vicky Marqués . Miriam Otero . Vanessa Parente . Noemí Pérez .
Andrea Piñeiro . Sasha Ratkovic . Anabel Santos . Laura Villegas

COMISARIADO. LOLA DOPICO ANEIROS. CRISTINA VARELA CASAL



TECIDO

CRU II

INSECTOS, CATEDRAIS,
DOBRAS E TRENZAS

Exercicio e Didáctica no Deseño

TECIDO

CRU II

INSECTOS, CATEDRAIS,
DOBRAS E TRENZAS

Exercicio e Didáctica no Deseño

15 decembro 2016 / 29 xaneiro 2017
Casa Galega da Cultura. Vigo

TECIDO CRU II
INSECTOS, CATEDRAIS, DOBRAS E TRENZAS
Exercicio e didáctica no deseño

Deseñadores/as

Raquel Barbosa. Teresa Búa. Miriam Cartagena.
Inés Charre. Iria Fernández. Claudia González.
Sofía Granja. Paloma Malvar. Vicky Marqués. Miriam
Otero. Vanessa Parente. Noemí Pérez. Andrea Piñeiro.
Sasha Ratkovic. Anabel Santos. Laura Villegas.

Fotografía

Cristina Varela Casal. Profesora da Universidade de Vigo

Vídeo

Fernando Suárez Cabeza. Profesor da Universidade de
Vigo

Comisarias

Lola Dopico. Profesora da Universidade de Vigo
Cristina Varela Casal. Profesora da Universidade de Vigo
Grupo de investigación DX7 Laboratorio Visual.

*“A moda empeza
precisamente onde cesa a
utilización funcional do
corpo e onde se perfila o uso
do vestido como medio para
acadar o que xa non é unha
condición consagrada polo
costume, senón unha
condición anómala,
privilexiada, excepcional.
Esta é paréceme a verdadeira
razón de ser da moda...”*

Gillo Dorfles . Moda e modos. 1979

Cada vez temos maior seguridade de que a adquisición dunha habilidade non se consegue a través dun modelo de transmisión verbal desta, senón, pola contra, segundo Pallasma (2009) ten máis que ver case que cunha «transferencia directa dende os músculos do mestre aos do pupilo a través dun proceso de percepción sensorial e de mímese corporal».

Nesta mostra, a través destas máis de trinta pezas, estamos a presentar o resultado do proceso de intercambio de experiencia producido no espazo das aulas e que queda reflectido na construción destas pezas. As habilidades máis importantes do deseñador pasan por ser quen de procesar toda a información multidimensional que se trama no seu traballo ao proxectar, e dá lugar a sensacións que se trasladan directamente aos vestidos e deles ao corpo.

A partir do uso do tecido cru, o lenzo en branco aparece destacado nun lugar central. Esta aproximación é un desafío que pretende ensaiar e facer reflexionar sobre os principios construtivos do deseño. A partir do tecido nu, as pezas presentes nesta exposición xorden como exercicio de comprensión do vestido. Derredor das materias téxtiles, unha vez tramadas e transformadas en tecido, pero aínda sen enmascararse a través da cor, do estampado, pezas sen cor, ou con moi lixeiras concesións a este, artículase un proceso de aprendizaxe dos rudimentos da linguaxe. Vemos técnicas de estratificación a partir da repetición de volantes nos traballos de Raquel Barbosa ou Míriam Cartagena, que dan lugar a extremas configuracións, dobras e engurrados que se elevan en volumes imposibles nos traballos de Noemí González ou Andrea Piñeiro. A repetición modular amplificada ata a práctica ocultación do corpo é a técnica desenvolta por Sofía Granja, e os oficios como a cestaría que se solapan con técnicas como o capitoné están presentes dun xeito maxistral no traballo de Anabel Santos ou Inés Charre. A dimensión obxectual magnificada é a indagación que dá corpo ás pezas feitas por Sasha Ratkovic e Claudia González, que con vontade arquitectónica modelan volumes que reconfiguran o concepto de silueta. Tamén atopamos transposicións de formas recoñecibles a unha dimensión amplificada como no traballo de Míriam Otero fronte a traballos de silueta máis recoñecible que aínda así amplifican as magnitudes da proporción corporal. Asumen unha verticalidade desafiante, como no traballo de Vicky Marqués, ou unha volumetría extrema a partir da propia natureza dun tecido como nos traballos de Paloma Malvar e Iria Ginebra González, ou miran cara aos invertidos para dar forma a unha sorte de exoesqueleto que, coma nos artrópodos, recobre o corpo dunha coiraza ríxida como fixo nos seus deseños Laura Villegas. E xa para rematar este percorrido polas pezas presentes na mostra, atopamos tamén narrativas poderosas como a proposta de reconstrución dun «novo humano» que presenta Teresa Búa ou na onírica arquitectura que se enrosca arredor do corpo no traballo de Vanessa Parente.

As creadoras poñen en pé vestidos coa forma da imaxinación, cristalizacións presentadas a miúdo baixo a retórica da acumulación, a esaxeración e a hipérbole. No proceso de traballo do deseñador as ideas agroman dun xeito case que biolóxico a partir dun coñecemento existencial, non conceptualizado, incluso non consciente e non unicamente a través da análise do intelecto. É por iso que na formación no deseño construír, dar forma, pensar as respostas para un encargo dado é unha clave fundamental do proceso.

Esta exposición trata de amosar e facer lexibles os fundamentos do deseño, pero tamén o proceso de comprensión do vestido como un elemento de gran potencia dun xogo fantástico, imaxinativo onde trasladar toda a potencia do absoluto da poesía. O maiúsculo e o minúsculo, o visible e o invisible do que percibimos sensorialmente e do que podemos contar, diso que percibimos e trasladamos dende o noso mundo interior. O vestido froito destas investigacións na forma e na relación destes elementos co corpo fai explícita a lóxica de oposición presente na experiencia entre simetría fronte a irregularidade, estabilidade fronte a desequilibrio, estatismo fronte a mutabilidade. As calidades do tecido; valorar a súa trama, textura, a súa aspereza ou suavidade, rixidez, maleabilidade, dureza ou fragilidade. Ante un tecido cru vémonos interpelados e desafíanos a necesidade de ir cara a dentro para pensar no de fóra.

O vestido aparece por momentos nas obras destas creadoras, encarnado coma obxecto poético puro. Os vestidos adquiren un sistema arquitectónico e incluso ideolóxico, os vestidos, como As cidades invisibles de Calvino, todos os vestidos, os que existen e os por existir pódense imaxinar unha vez que se coñecen as súas regras primordiais.

Dep. Legal: VG 702-2016

